

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) celebrou na mañá de hoxe sábado a súa Asemblea Xeral de socios/as

[Redacción Galicia](#) Publicado 01/03/2025

Acordouse que [Xosé Manuel Beiras](#) sexa o próximo “[Escritor na súa Terra – Letra E](#)” e, por tanto, quen reciba unha homenaxe que este ano chega á súa trixésima primeira edición. Terá lugar no mes de xuño en Santiago de Compostela.

Acordouse tamén que a escritora palestina Shahd Wadi sexa a [Escritora Galega Universal](#) en 2025.

Aprobouse o programa de actividades para 2025, que xa comezaron co [Día de Rosalía de Castro](#).

O programa aposta por continuar con actividades de traxectoria xa asentada e de alcance social como son os [paseos literarios](#) ou os [obradoiros da Escola de Escritoras e Escritores da AELG](#); tamén a organización ou coorganización de xornadas de formación dirixidas ao estudo das diferentes formas de crear literatura contemporánea desde os espazos de formación de novos/as formadores-as/educadores-as/mediadores-as da lectura. Tamén se reforza o proxecto coordinado pola [Sección de Literatura de Tradición Oral](#) coa celebración dunha nova [Gala dos Premios Mestres e Mestras da Memoria](#) e a través da celebración doutra [polafía](#) e, no outono, dunha nova edición, a número 18, da [Xornada de Literatura de Tradición Oral](#). Tamén no outono terá lugar unha nova edición das [Xornadas da Sección de Literatura Dramática](#).

Informouse, igualmente, da celebración neste 2025 do [Encontro Galeusca](#).

Asemade, a visibilidade da escritora e do escritor a través da web continuará a ser un eixo central da actuación da entidade co enriquecemento do espazo común e máis das páxinas individuais con que as/os socias/os contan no [Centro de Documentación](#) da web da AELG, tanto nos contidos como nas entrevistas audiovisuais, que permiten continuar reforzando este espazo como un dos principais referentes da visibilización e divulgación da literatura galega actual.

Por último, tamén se abordarán neste 2025 as diversas maneiras de tratar o impacto da Intelixencia Artificial na creación escrita.